

**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A
CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO
PARA AS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO,
XULLO, AGOSTO E SETEMBRO.**

DECRETO DA ALCALDÍA:

Vista Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Visto que en data 18 de maio de 2018 aprobouse mediante Resolución da Alcaldía, convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación temporal, por obra ou servizo determinado, a tempo completo, dun/dunha técnico/a en Turismo no Concello de Ponteareas, establecendo un prazo de 5 días hábiles para a presentación de instancias, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria nun diario de ampla difusión, no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas e na páxina web www.ponteareas.gal.

Visto Decreto nº 2018-1510 de data 6 de xuño de 2018 polo que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos, publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello nesa mesma data, e finalizado o prazo de 5 días para a emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista, de acordo co establecido,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos:

CATEGORÍA: TÉCNICO/A DE TURISMO

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS	NOME	DNI
ÁLVAREZ MARTÍNEZ	ERICA	*****314T
GONZÁLEZ DA CRUZ	PATRICIA	*****993M

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
CARRERA PÓÑEZ	TANIA	*****699S	1,2,3

Causas de exclusión:

- 1.- Non estar en posesión da titulación requirida: “Diplomado/a ou Grao en Turismo”.
- 2.- Non ter acreditado estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- 3.- Non ter acreditado a condición de atoparse inscrito como desempleado ou demandante dunha mellora de emprego, no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Segundo.- Aprobar o tribunal de selección composto polos seguintes membros:

Presidente: D. José Luis Sarandeses Martínez, e coma suplente Dna. Carmen Pardo González.

Secretario: D. Manuel Martínez Pérez, e coma suplente D. Cándido Fernández Domínguez.

Vogais:

D. Pablo Baena Carderón, e coma suplente Dna. María José Enríquez García.

D. Carlos Potel Alvarelos, e coma suplente Dna. Esmeralda Quiroga Rodríguez.

D. Xabier Prado Orbán, e coma suplente D. Pedro Lois Suárez García.

Terceiro.- Convócase a todos os candidatos admitidos o vindeiro Venres, día 20 de xullo de 2018 para a realización da proba práctica da fase de concurso-oposición, segundo o establecido no apartado 6º “Procedemento selectivo” das citadas Bases para a contratación dun/dunha técnico/a de turismo, aprobadas por Decreto nº 2018-1304 de data 18 de maio de 2018, debendo estar ás 11:00 horas no Salón de Plenos da casa do Concello sito en R/ Xardíns da Xiralda, s/n, 36860, Ponteareas (Pontevedra).

Os/as aspirantes deberán vir provistos do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal.

RECURSOS.- Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina www.ponteareas.gal, ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez